

CRÓNICA SEMANAL DO CHAPAPOTE

Plataforma *Nunca Máis* de Lugo

Febreiro do 2003

Nº 2

UNS EN FERROL CO CHAPAPOTE, OUTROS NA CORUÑA COAS MALETAS

Esta semana volveu entrar chapapote en grandes cantidades, desde a Mariña ata o sur do país, aínda que, pola lectura da prensa, quen o diría. Nalgúns lugares, coma Praia América, en Nigrán, aínda nunca entrara, e coincidiu coa reapertura do marisqueo: obriga de recoller, a un tempo, ameixa e piche. Xa está ben.

O sábado 8, a nova conselleira Pilar Rojo declarou mentira que faltasen voluntarios en Galicia. Entrementes, @s voluntari@s lucenses que coordina ADEGA limpaban en Ferrol.

O domingo volveron para aló. Actuaron na praia de Penarroiba, no fondo dun cantil da parroquia de Covas. Un lugar “prohibido”, segundo din os de ADEGA de Ferrol. Seica non deixan limpar alí por ser “moi perigoso”. Ou se cadra porque está moi escondido e, total, a xente non ve o fuel.

Desde o cimo do cantil víanse manchas negras na area e nos coios; parece ocupar pouco espacio. Abaixo cambia a perspectiva: o fuel métese na area, e fúrase ata vintecinco centímetros para sacalo. Trabállase con pas e coas mans, afanosamente, sen parar e recollendo en grandes cantidades, uns a pedazos e outros placas longas e gordas. Cando se enchen as esportas (máis de corenta), unha cadea humana sóbeas polo cantil arriba, duro traballo ó longo de cen metros, ou máis, de subida e un treito final plano ata o contentor.

Chega máis chapapote xa desde a mañá. Os voluntarios lugueses entran no mar e recollen placas grandes e grosas; algunha se cadra pesa vinte quilos. Ó final, subíronse máis de cento cincuenta esportas, e encheuse o contentor nas súas tres cuartas partes; botamos contas, e saíronnos máis de catro toneladas, con moito fuel e moi pouco residuo. Queda abaixo bastante máis. Había e queda aínda traballo para moita máis xente. FAN FALTA VOLUNTARIOS, digan o que digan as conselleiras de antes e de agora. Xa a media mañá, sóbose do éxito da manifestación da Coruña. Decenas de milleiros de persoas e moita emoción. *Nunca Máis* estivo aquí e aló: nas praias, limpando; na rúa, denunciando e esixindo.

MARCAMOS PAUTAS
A sociedade levaba tempo adormecida. Algunhas mobilizacións de envergadura non desmentían esa realidade de alcance global. E de súpeto, chega o chapapote, indígnanse @s galeg@s e algo substancial cambia. Concentracións masivas, implicación de amplísimos sectores sociais, os artistas comprométese e nós identificámonos con eles: é o *Nunca Máis*. Agora que, por outro motivo e noutro ámbito, artistas e xente da cultura asumen iniciativas semellantes, non é seguramente presunción nin insolidariedade supoñer que o noso movemento, coa súa viveza e eficacia, espertou en moitos o vello remol do compromiso con causas colectivas. Foi e é desde Galicia. Somos referencia.

**O DÍA 23, a Madrid,
POLA DIGNIDADE
Vén connosco. Apúntate para os
autobuses chamando ó 982-
284812 ou ós locais das
organizacións integradas en
Nunca Máis.**

RAJOY EN LUGO

Pasaba das 10:30, entraban os persoeiros do PP e recibían a súa ración de apupos. Pero Mariano non chegaba. Ía frío. A unha de nós un policía tratouna, segundo di, “cunha exhibición de testosterona” excesiva, pero ó final, como a gran maioría dos axentes facían, simplemente, o seu traballo, non había por esa banda problema maior. E, de súpeto, o balbordo. Os coches de Rajoy e as escoltas chegaban ó fondo da Praza Maior. A xente corre cara aló e, entón, o vicepresidente do Goberno español non sae. Volta a esperar.

Berramos consignas. Espantámo-lo frío, nós e os policías. Algún mando deles bole aquí e aló. Por fin, o espectáculo. Veñen tres coches desde a Praza Maior, coas portas abertas, case nun lóstrego. Baixan deles nunha nube. Algúns de nós arremuíñanse arredor, todos berramos. Disque entremedias entrou Mariano no Auditorio. Un dos nosos supera o cordón da policía e unha escolta, un mangallón de pouco pelo, empeza a zorregarlle no estómago; din que sacudía coas chaves na man. O noso compañeiro queda, á vista, cun ollo mazado. Berros de indignación. O mencionado mangallón vai cara á porta, pero desde alí aínda volve cara a nós para increparnos, iso si, sen traspasa-lo cordón da policía. Que pallasada.

Xa entrou. E nós agardamos. Para reforzar, chega un grupo de gardas civís e máis algúns policías autonómicos. O acto dura e temos frío. Cando a porta se entreabre, berramos. Botan unha hora longa de acto, pero non nos imos.

Ó cabo, empezan a saír e a recibi-la nova ración de apupos. ¿E Rajoy? As cámaras de TV, os reporteiros saen apurados cara á Praza Maior, detrás deles os coches. E nós. O vicepresidente do Goberno español foi pola outra porta. Que peniña.

Ó final, a Plataforma emite unha nota de prensa. Os nosos actos de protesta son e serán, a un tempo, contundentes e respectuosos coas normas básicas de convivencia. Nós, nin exercemos nin pensamos exercer violencia física. Outros, depende.